

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 31 de marzo de 2006 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2006.

O Regulamento (CE) 797/2004, do Consello, do 26 de abril de 2004, relativo ás medidas destinadas a mellorar as condicións de produción e comercialización dos produtos da apicultura e o Regulamento (CE) 917/2004, da Comisión, do 29 de abril, que establece disposicións de aplicación do anterior, consideran o cofinanciamento comunitario das accións previstas nos programas de medidas de axuda á apicultura presentados polos estados membros.

En España, o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, modificado polo Real decreto 209/2000, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, e tamén polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril, de modificación destes dous reais decretos citados, establece un réxime de axudas á apicultura no marco dos programas estatais anuais.

O programa estatal español, elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mais as comunidades autónomas en estreita colaboración coas organizacións representativas e as cooperativas do sector apícola, foi aprobado pola Comisión Europea na Decisión do 25 de agosto de 2004.

No marco do dito programa nacional establécese un réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, en que a participación financeira corresponde ata un 50% ao financiamento comunitario, ata un 25% corresponde ao financiamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a restante porcentaxe á Consellaría do Medio Rural.

Como no artigo 4 do Regulamento (CE) número 797/2004, do Consello, se establece que os gastos dos estados membros deberán efectuarse o máis tardar o 15 de outubro, data na que deben terse presentados os xustificantes de gasto por parte do Estado membro da U.E., cómpre que os gastos correspondentes ás accións realizadas se xustifiquen perante a Consellaría do Medio Rural no prazo fixado na resolución de concesión da axuda, sen que en ningún caso poida exceder do 1 de setembro de 2006.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto establecer as bases dun réxime de axudas en concorrencia competitiva para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, e proceder á súa convocatoria para o ano 2006.

Artigo 2º.-Finalidade das axudas e contías.

Poderán ser obxecto das axudas, consonte coa normativa comunitaria, aquelas actividades ou investimentos que estean recollidos no programa estatal e encamiñados a:

a) Prestar información e asistencia técnica: formación de apicultores, formación de persoal de centros de enva-

sado e de laboratorios de organizacións apícolas, técnicas apícolas, divulgación. Para esta liña a subvención poderá chegar ata o 50% dos gastos.

b) Loita contra a varroase, actividades inescusablemente ligadas a un programa sanitario supervisado por un veterinario responsable da súa correcta aplicación e funcionamento: asociacións de defensa sanitaria, custos de tratamentos químicos autorizados, métodos de loita biolóxica, mellora das condicións de tratamento das colmeas. Para esta liña a subvención poderá chegar ata o 50% dos gastos en produtos ou outro material e até o 100% do salario base da contratación dun veterinario, cunha limitación de 30.000 € para subvención deste contrato.

c) Racionalizar a transhumancia: identificación das colmeas e dos marcos, investimentos en equipamentos de uso principal para manipulación e transporte de colmeas, divulgación de boas prácticas de transhumancia, implantación dunha rede de alerta sanitaria, acondicionamento de espazos, seguro de danos e responsabilidade civil. Para esta liña a subvención poderá chegar até o 50% dos gastos.

d) Establecer medidas de apoio para a análise do mel: creación de laboratorios de organizacións apícolas e apoio a estes, investimentos en equipamentos de laboratorio, funcionamento de laboratorios, contrato de servizos de análise por organizacións apícolas, bolsas de formación. Para esta liña a subvención poderá chegar ata o 50% dos gastos (en produtos ou outro material e servizos de análise) e até o 100% do salario base da contratación dun técnico especializado en análise físicoquímica do mel e/ou diagnóstico de patoloxías e detección de residuos, e até 100% do salario base da contratación dun auxiliar de laboratorio. Cunha limitación de 30.000 € para subvención do contrato de técnico e 20.000 € do contrato de auxiliar.

e) Apoio á repoboación da cabana apícola: cría de raíñas autóctonas para a renovación do censo, reposición de baixas con enxames autóctonos. Para esta liña a subvención poderá chegar até o 50% dos gastos.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar ás medidas da axuda prevista no artigo 2º:

a) Aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas. Será requisito para a obtención das axudas, estar inscrito no Rexistro Oficial Apícola da comunidade autónoma, polo menos con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2005. Ademais, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os colmeares abandonados e as colmeas mortas non darán dereito ao cobramento de axudas polo seu titular.

b) Cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica de seu, integradas na súa maioría por apicultores que cumpran os requisitos da letra a).

c) Ademais, e para as medidas de axuda previstas na letra d) do artigo 2º, os beneficiarios poderán ser tamén os laboratorios debidamente recoñecidos polos servizos competentes da comunidade autónoma que efectúen ou poidan efectuar análises das características físicoquímicas do mel.

Un mesmo apicultor só poderá ser beneficiario de axuda por unha mesma actuación de forma única para cada unha das súas explotacións, ben sexa a título individual ou ben como integrante dunha cooperativa ou organización representativa.

2. Será preciso presentar a solicitude e a documentación correspondente segundo a seguinte relación:

1) As persoas físicas (apicultores), integrados ou non nunha asociación ou organización de apicultores, presentarán solicitudes individuais, achegando a solicitude coa seguinte documentación:

a) No caso de representación exixírase autorización para facer a solicitude nos termos exixidos no artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Código de identificación fiscal e certificado da conta bancaria.

c) Xustificación da identificación das colmeas (declaración xurada e modo de identificación) e número de colmeas.

d) Fotocopia compulsada de todo o libro de rexistro (caderno explotación apícola).

e) Programa de actuación que pretende desenvolver: memoria onde figuren os datos de cada apicultor, número de colmeas, descrición das obras ou investimentos e finalidade deles, incluíndo orzamentos ou facturas pro forma dos investimentos. Cando o gasto subvencionable supere o importe de 30.000 euros para obras, ou 12.000 euros para subministracións ou prestacións de servizos, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores e xustificar a elección, nos termos especificados no artigo 31.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Disponibilidade dos terreos nos cales pretenda facer os asentamentos das alvarizas, así como permisos ou licenzas das obras que pretenda realizar para a colocación das colmeas e/ou de adecuación ou mellora dos accesos, de ser o caso.

g) Memoria explicativa da realización da transhumanza (bosquexo e situación dos lugares onde se pretende realizar a transhumanza), de ser o caso.

h) Tempo e xustificación de utilización do remolque para a actividade transhumante, de ser o caso.

2) As persoas xurídicas (cooperativas apícolas, asociacións e organizacións representativas con personalidade xurídica de seu, ou calquera outro tipo de sociedade), achegarán a solicitude coa seguinte documentación:

a) Certificación do órgano competente en que se especifique o acordo polo que se concede autorización para facer a solicitude ao asinante dela. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicárase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia. De non ser así, deberá acreditarse a representación conforme o artigo 32 da Lei 30/1992.

b) Certificación do órgano competente que acredite o desempeño actual do cargo.

c) Acta constitución da asociación, organización ou copia compulsada dos estatutos.

d) Relación nominal de socios, por escrito en programa actualizado e tamén en formato electrónico, con NIF e número de colmeas de cada un dos socios.

e) Fotocopia compulsada do libro de rexistro de cada un dos integrantes (das tres follas onde figuren: datos do titular, a actualización do número colmeas e dos SS.VV.OO.).

f) Código de identificación fiscal e certificado da conta bancaria.

g) Copia do contrato do veterinario responsable da execución do programa sanitario de loita contra a varroase.

h) Nas axudas da liña de loita contra a varroase, declaración xurada de exclusividade do veterinario e compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa que abranza, como mínimo, o 70% do territorio da comunidade autónoma.

i) Xustificación do cumprimento das alíneas 1 c), 1 e), 1 f), 1 g), 1 h) do artigo 3º.2.

j) Xustificación do recoñecemento do laboratorio de análise, de ser o caso.

De acordo co artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, a presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, quedarán exentos de xustificación de cumprimento das obrigas os beneficiarios das axudas que non superen un importe de 1.500 euros, segundo o previsto no artigo 41 un) da Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou a algunha das entidades que integran a Administración local, se neste último caso se subscribiu o oportuno convenio segundo se determina no anexo II do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto, no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, presentándose en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar, se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

As solicitudes axustaranse aos modelos que figuren como anexos I (solicitudes individuais de persoas físicas que realicen transhumanza e repoboación da cabana apícola) e II (solicitude xeral para todas as liñas, de persoas xurídicas ou laboratorios debidamente recoñecidos).

Artigo 5º.-Prazo de presentación.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-Tramitación, resolución e recurso administrativo.

O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Recibidas as solicitudes de axudas e a súa documentación, serán examinadas polos servizos técnicos que, se observan algunha deficiencia, concederán ao solicitante un prazo de 10 días para emendalas consonte o artigo 71 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999. Transcorrido este prazo sen que se producira a emenda ao expediente, considerarase que desiste da súa petición, logo da súa resolución.

Efectuadas as comprobacións e estudos pertinentes para a avaliación das solicitudes presentadas, constituirase un órgano colexiado formado polo subdirector xeral de Ganadería, o xefe do Servizo de Sanidade Animal e o xefe do Servizo de Planificación Gandeira, que emitirá informe que conterá unha relación dos solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a contía, así como daqueles para os que se propón a denegación da subvención solicitada e que será elevado ao director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para formulación da proposta de concesión.

Os criterios obxectivos de outorgamento serán os seguintes:

No caso de que as axudas superen o crédito dispoñible, seguirase a prioridade seguinte entre liñas: primeira liña b) loita contra a varroase segunda liña a) asistencia técnica; terceira liña d) apoio para a análise do mel; cuarta liña e) repoboación e quinta liña c) transhumancia.

-Para a liña a) de información e asistencia técnica e d) de medidas de apoio para a análise do mel terán prioridade as solicitudes presentadas por cooperativas apícolas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia sobre as presentadas polo resto de persoas físicas ou xurídicas. Dentro delas, terán prioridade aquelas que reúnan un maior número de colmeas propiedade dos apicultores que as integren e que teñan un ámbito territorial que abarca toda a comunidade autónoma.

-Para a liña b) de loita contra a varroase, terán prioridade aquelas solicitudes presentadas por agrupacións de defensa sanitaria apícola ou figura equivalente. Dentro delas, terán prioridade aquelas que reúnan un maior número de colmeas propiedade dos apicultores que as integren e que teñan un ámbito territorial que abarca toda a comunidade autónoma.

-Para a liña c) de racionalización da transhumancia e e) apoio a repoboación da cabana apícola, terán prioridade aquelas solicitudes presentadas por apicultores titulares dunha explotación profesional sobre as presentadas por apicultores titulares de explotacións non profesionais, conforme as definicións do artigo 2 g) do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas. Dentro delas, terán prioridade aquelas que reúnan un maior número de colmeas.

A correspondente proposta de resolución da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria elevarase ao conselleiro do Medio Rural, a quen competará a súa resolución de concesión ou denegación da axuda no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de publicación desta orde. Transcorrido este prazo sen que se ditara resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo. Contra a dita resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A resolución notificarase na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Prazo de realización.

O prazo no que debe ser realizada a actividade axudada corresponderá á anualidade delimitada no Programa Estatal aprobado pola Unión Europea e rematará o 1 de setembro do ano 2006.

Artigo 8º.-Pagamento das axudas.

1. O pagamento tramitarase logo da xustificación da execución do proxecto no prazo sinalado; para tal efecto, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación por duplicado (orixinal e fotocopia, que deberá ser compulsada):

a) Memoria sinxela de realización da actividade indicando datas de realización, número de asistentes e outros aspectos de interese, á que se xuntará documentación relacionada coa actividade, tal como programas, folletos, notas de prensa e outros.

b) Facturas por duplicado, nóminas, orixinais ou fotocopias compulsadas, e xustificación de pagamento dos gastos realizados, xunto cunha relación delas, cos importes agrupados polos conceptos que se describiron na memoria de solicitude. No caso de pagamento de salario, gratificacións, etc., deberá constar a retención correspondente polo IRPF e xustificación do seu ingreso na Facenda.

c) Declaración responsable en que se expresen as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para o mesmo fin por calquera organismo estatal, autonómico, local ou institucional.

d) Se a actividade axudada correspondese á publicación en formato impreso, audiovisual ou multimedia de orixinais de material didáctico ou de divulgación sobre temas apícolas, dirixidos á formación en materia

apícola, incluída a súa preparación e elaboración sempre que a súa finalidade sexa a distribución de balde entre o público, entregárase ademais do establecido no parágrafo anterior, un exemplar orixinal ou unha copia equivalente do material realizado ou algún exemplar editado no caso de que sexa impreso, cunha memoria que indique o seu destino e forma de distribución gratuíta, xustificando a dita distribución.

2. A contía das axudas será satisfeita unha vez realizados os investimentos previstos en cada caso, trala súa comprobación por parte dos servizos correspondentes da Consellería do Medio Rural. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

3. O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario suporá a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidesen incorrer os beneficiarios.

Artigo 9º.-Outras condicións.

En toda a documentación publicada relacionada coas actividades obxecto da axuda farase constar a frase «Esta actividade foi realizada cunha axuda económica da Consellería do Medio Rural, Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e fondos Feoga-Garantía da Unión Europea», cos correspondentes logotipos institucionais. Nos exemplares de distribución de balde farase constar impreso neles a frase «Exemplar de balde».

Artigo 10º.-Concurrencia con outras axudas.

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e a alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 11º.-Inspección e control.

Os beneficiarios das axudas recollidas nesta orde están obrigados a facilitar todos os labores de inspección ao persoal técnico das distintas administracións que cofinancian o programa, achegando todos os datos que sobre o particular lle sexan solicitados.

O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A Consellaría do Medio Rural reserva para si a facultade de realizar as comprobacións, inspeccións e controis que considere oportunos, verificando o cumprimento da finalidade da axuda. Para tal fin, o beneficiario deberá comunicar por escrito, de ser o caso, as datas e as horas de realización das actividades obxecto de axuda con prazo suficiente para poder efectuar as comprobacións que se consideren oportunas.

No suposto de que unha vez notificada a resolución de concesión houbera algunha variación no calendario, nos prazos de execución da actividade sinalados na memoria da solicitude, ou calquera outra modificación, será comunicada á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria coa antelación suficiente para que poida realizar as comprobacións que

considere necesarias, para efectos de aprobar ou denegar a devandita modificación.

Artigo 12º.-Financiamento.

As axudas establecidas nesta orde teñen o carácter de cofinanciadas polo Feoga-Garantía da U.E. ata un 50%, o MAPA ata un 25% e a restante porcentaxe a comunidade autónoma, en virtude do Regulamento (CE) 797/2004, do Consello e o Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas estatais anuais.

A contía das axudas, por importe máximo de 480.810 euros, serán financiadas con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 09.03.613-A.770.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade co disposto no número 4º do artigo 5 do Real decreto 519/1999, cando o importe das resolucións ditadas exceda, no que respecta aos importes que se financien mediante fondos achegados polo MAPA, as contías aprobadas para a Comunidade Autónoma de Galicia, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas.

Igualmente, as resolucións poderán ser modificadas, incrementando a contía das axudas, para readxudicar a parte de crédito autorizado e non utilizado e recoñecido en obriga dentro do exercicio, por falta de xustificación polos beneficiarios da realización das actuacións ou incumprimento do resto das súas obrigas, sempre que non se excedan as limitacións establecidas nesta orde e seguindo a mesma orde de prioridade sinalada no artigo 6º.

Artigo 13º.-Reintegro da axuda.

O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e nos demais supostos previstos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os peticionarios das axudas presentarán, coa solicitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

Segunda.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



UNIÓN
EUROPEA
—
FEOGA



PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: REPOBOACIÓN E TRANSUMANCIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR506A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA OFICINA	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ XUSTIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN (AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE).
- ☐ XUSTIFICACIÓN DA IDENTIFICACIÓN DAS COLMEAS (DECLARACIÓN XURADA E MODO DE IDENTIFICACIÓN) E NÚMERO DE COLMEAS.
- ☐ DNI. CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.
- ☐ CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA.
- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO DE REXISTRO.
- ☐ PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER (MEMORIA ONDE FIGUREN DATOS DO APICULTOR, COLMEAS, DESCRICIÓN DAS OBRAS OU INVESTIMENTOS E FINALIDADE DESTES PARA A MOBILIDADE DAS COLMEAS, FACTURAS PRO FORMA DOS INVESTIMENTOS).
- ☐ DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS PARA A REALIZACIÓN DA TRANSUMANCIA.
- ☐ MEMORIA EXPLICATIVA DA REALIZACIÓN DA TRANSUMANCIA.
- ☐ AUTORIZACIÓN DAS OBRAS E DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS.
- ☐ XUSTIFICACIÓN DO USO E TEMPO DE UTILIZACIÓN DO REMOLQUE PARA A ACTIVIDADE TRANSUMANTE.
- ☐ XUSTIFICACIÓN DA REPOBOACIÓN DA CABANA APÍCOLA, DE SER O CASO.

O que abaixo asina

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do _____ da Consellería do Medio Rural.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 31 de marzo de 2006 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de

de 200

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



UNIÓN
EUROPEA
—
FEOGA



PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR506A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA OFICINA	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO CONTA
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ EN CASO DE REPRESENTACIÓN: AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE AO ASINANTE DELA E CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE NA QUE SE ACREDITE O DESENVOLVEMENTO ACTUAL DO CARGO.
- ☐ ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE OU COPIA COMPULSADA DOS ESTATUTOS.
- ☐ RELACIÓN NOMINAL DE SOCIOS (EN PROGRAMA ACTUALIZADO) CON NIF E NÚMERO DE COLMEAS.
- ☐ CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL E CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA.
- ☐ PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER.
- ☐ COPIA DO CONTRATO DOS TÉCNICOS RESPONSABLES DA EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS.
- ☐ DECLARACIÓN XURADA DE EXCLUSIVIDADE DOS VETERINARIOS DE SER O CASO (PROGRAMAS DE LOITA CONTRA A VARROASE).
- ☐ XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PARÁGRAFO 1) LETRAS C), F), G), H) DO ARTIGO 3º.2.
- ☐ XUSTIFICACIÓN DO RECOÑECIMENTO DO LABORATORIO DE ANÁLISE DAS CARACTERÍSTICAS FÍSICOQUÍMICAS DO MEL.
- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO DE REXISTRO DE CADA UN DOS APICULTORES INTEGRANTES DA ORGANIZACIÓN OU ASOCIACIÓN.

O que abaixo asina

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do _____ da Consellería do Medio Rural.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 31 de marzo de 2006 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

de

de 200

Conselleiro do Medio Rural

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Orde do 6 de abril de 2006 pola que se convocan axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos no ano 2006.

A industria agroalimentaria ten carácter estratéxico para Galicia por favorecer a viabilidade das explotacións agrarias e do tecido económico das zonas rurais que as rodean, fomentando ademais a creación e mantemento do emprego así como a fixación da poboación desas zonas. Por iso, é necesario promover o seu desenvolvemento e mellorar a súa competitividade, que está condicionada en moitos casos polas dificultades existentes para a comercialización das producións en mercados cada vez máis abertos e que exixen maiores esforzos en coñecemento e promoción.

Nese sentido, esta orde establece unha liña de apoio durante o ano 2006 aos investimentos das industrias agroalimentarias para realizar actuacións de promoción e mellora da comercialización das súas producións, e dirixida especificamente a fomentar a asistencia a certames comerciais, contratación de estudos e asistencias técnicas, e a contratación e formación de persoal específico. Os conceptos subvencionables e as condicións establecidas cumpren coas directrices sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C28/02).

En virtude do exposto, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases e convocar para o ano 2006 as axudas da Consellería do Medio Rural para actuacións de empresas privadas na promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos. A concesión das axudas efectuarase mediante concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas agrarias e agroalimentarias, excluídas as do sector forestal e de alimentación animal, que cumplan os seguintes requisitos:

-Que teñan como actividade a elaboración e/ou comercialización de produtos agrarios ou agroalimentarios galegos. Non serán subvencionables as empresas de distribución, salvo que estean participadas maioritariamente por produtores ou elaboradores de Galicia.

-Que figuren inscritas no Rexistro de Industrias Agrarias ou de Actividades Catalogables cando sexa preceptivo polo tipo de actividade.

-Que teñan o seu enderezo social en Galicia.

Artigo 3º.-Conceptos subvencionables e contía das axudas.

Considéranse subvencionables os investimentos, excluído o IVE, nos seguintes conceptos:

a) Participación en feiras e certames comerciais.

Considérase subvencionable a participación en feiras e certames comerciais do sector agrario e agroalimentario do ano 2006 que se celebren fóra de Galicia.

As axudas serán subvencións de ata un 50% dos seguintes gastos admisibles: gastos de instalación do posto (aluguer de espazo e mobiliario, decoración, seguros, etc.), traslado de produtos, actividades e material de promoción complementarios e gastos de contratación dun máximo de dous empregados para a atención do posto ou, de ser o caso, os gastos de desprazamento e aloxamento dun máximo de dúas persoas por entidade solicitante, sendo, neste último caso, a cantidade máxima subvencionable a regulamentariamente establecida para os funcionarios do grupo 2º da comunidade autónoma.

b) Estudos e asistencias técnicas.

Serán subvencionables os estudos e asistencias técnicas de investigación e prospección de mercados, mellora dos procesos de comercialización, análise das perspectivas e evolución dos mercados, e calquera outro que teña incidencia directa na mellora dos procesos de comercialización, en particular se se refiren a mercados con escasa presenza de produtos galegos similares.

A subvención poderá acadar ata o 50% dos gastos xustificables sempre que correspondan a servizos realizados por consultores e empresas externas

c) Contratación de persoal.

Será subvencionable a contratación no ano 2006, antes do 1 de outubro, de persoal relacionado con actuacións en promoción e mellora da comercialización, sempre que supoña creación neta de emprego na empresa e a contratación teña unha duración mínima de dous anos, no caso de que a empresa beneficiada sexa unha PEME tal como se define no Regulamento (CE) 70/2001, e de tres anos no resto dos casos.

Nese caso poderase conceder unha subvención de ata o 70% dos custos salariais do primeiro ano da contratación. Para eses efectos non se considerarán subvencionables as cotizacións á Seguridade Social que lle corresponden á empresa contratante.

Para a verificación do cumprimento da condición de creación neta de emprego, considerarase como referencia inicial a media do número de traballadores da empresa nos doce meses anteriores á contratación. Para eses efectos considerarase que existe creación neta de emprego cando a media do número de traballadores da empresa dos doce meses de cada un dos anos de duración mínima do contrato sexa superior polo menos nun traballador á media de referencia inicial.

A axudas á contratación de persoal incluídas neste punto establécense ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 2204/2002 da Comisión, do 12 de decembro de 2002, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ao emprego (DO C 337 do 12 de decembro).

d) Formación.

Será subvencionable a asistencia do persoal das empresas a seminarios e cursos de formación relativos á comercialización de produtos iniciados no ano 2006.

A subvención poderá chegar ata o 50% dos gastos xustificables de inscrición.

As actuacións previstas nas letras a) e b) deste artigo deberán estar executadas como mínimo nun 80% no ano 2006 (ata o 15 de novembro), podendo realizarse o 20% restante no ano 2007 (ata o 15 de marzo).